

## O VERÁN DE KIKUJIRO



**Tít. orixinal:** *Kikujiro no natsu*

**Ano:** 1998

**Duración:** 121 min.

**País:** Xapón

**Dirección:** Takeshi Kitano

**Guión:** Takeshi Kitano

**Música:** Joe Hisaishi

**Fotografía:** Katsumi Yanagishima

**Reparto:** Takeshi Kitano, Yusuke Sekiguchi, Kayoko Kishimoto, Kazuko Yoshiyuki, Great Gidayu

**Productora:** Bandai Visual / Tokio FM / Nipón Herald / Office Kitano

**Xénero:** drama

### Para tódolos públicos

**Sinopse:** Masao é un neno de nove anos ó que lle toca as vacacións de verán coa súa avoa. Acabáronse os partidos de fútbol, xa que tódolos seus amigos marcharon á praia. Aburrido, Masao decide ir na busca da súa nai, á que non coñece. Cunha fotografía e unha dirección como únicas referencias, e moi poucos cartos, o plan parece condenado ó fracaso. Unha amiga da súa avoa propón que o seu marido o acompañe. O problema é que o desaprensivo Kikujiro, un antigo yakuza, non parece precisamente a compañía ideal para un neno, anque nunca se sabe.

### Crítica

por Ismael Alonso (tomado de <http://www.labutaca.net>)

Ábrese o pano e vemos a unha moza lendo o xornal, achégase a ela un tipo e a moza preguntalle:

- Roberto, ti que sabes tanto de cine. ¿Qué película me recomendas?

Ó que o interfecto responde "O verán de Kikujiro". A moza, anonadada, preguntalle:

- ¿Eso que é?

E el pon voz engolada, carraspea, mira con ton displicente e responde:

- É unha comedia xaponesa con elementos de slapstick e referencias ó cine mudo nipón.

¡Toma castaña! Posibilidade 1: O cinéfilo de marras non ligará na súa vida con esas técnicas de acoso e derribo intelectualoide e a moza irá a ver "O coleccionista de osos" ou similar. Posibilidade 2: A moza atizará na cabeza ó tipo co xornal e o denunciará na comisaría por haberlle recomendado nonseique parafilia en imaxes e ademais en versión orixinal no idioma materno de Hiro-Hito. Posibilidade 3: A moza segue a recomendación do noso amigo simpático e pedante e atoparase cunha maravillosa película. Péchase o pano. Non fagan caso ó que opinen os críticos, non se fíen dos comentarios ampulosos que moitas veces escribimos. "O verán de Kikujiro" é todo o que se dixo arriba, pero tamén é unha obra orixinal, inocente e moi moi divertida.

Tras unha premisa lineal algo surrealista e moi inspirada no cine mudo (¿e por que non dicilo? Incluso na picaresca española) Takeshi Kitano, preséntanos unha *road movie* de yakuza con neno na que un gánster roubaperas, matón do tres ao cuarto e canalla de verbena ten que acompañar a un neno en plena canícula a que se atope coa súa nai. A viaxe servirá para descubrir a personalidade dun tipo pretendidamente duro pero que, en realidade, é dos de moito *kiriki* e pouco *lerele*. Nun Xapón estival e semideserto a viaxe da estraña parella tórnase en fábula infantil, en comedia de aires libérrimos que desemboca nunha *gymkhana* digna dos programas que Kitano facía na tele do seu país.

"Beat" Kitano, autor tan popular en Xapón coma venerado pola crítica de occidente, abandona o estilo e a violencia de "Hanna Bi" ou "Violent Cop" e embárcase nun experimento máis achegado aos concursos absurdos, masoquistas e irreverentes que o fixeron famoso ente os seus paisanos. Kitano, que comezou a súa carreira acompañado doutro cómico "Beat" Kiyoshi (que aparece na película como a personaxe acosada na parada do autobús) formando o dúo dos "dous beats", parece voltar ás súas orixes e, o que é máis importante, conseguido superar as expectativas de "Flores de lume" rodando unha película radicalmente distinta acompañado da "troupe" Kitano, un grupo de cómicos xestuais, cuxas gamberradas poñen o contrapunto ó drama que constitúe a infantilización dun adulto para escapar da realidade que o acecha e a inevitable maduración dun neno en forma de lúdico rito de paso.